



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

*CURSO 2019 / 2020*

**CENTRO: CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO - 32011901**

**ETAPA: PRIMARIA**

**CURSO: 3º**

**MATERIA: CC. DA NATUREZA**

**DOCENTE: MIGUEL CABARCOS ROUCO**

*Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO**

Terra de Souto, s/n  
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

<b>ÍNDICE</b>	<b>PÁXINA</b>
<b>1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPENTECIAS IMPRESCINDIBLES.</b>	3
<b>2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.</b>	4
<b>3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE</b>	4
<b>4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE</b>	5



## 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
<i>B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado da auga e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.</i>	<i>CNB4.2.1. Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián. Competencias clave: CMCCT- CCL.</i>
<i>B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e observar o seu uso na vida cotiá.</i>	<i>CNB5.1.2. Identifica e explica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá. Competencias clave: CMCCT CCL- CSC.</i>
<i>B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.</i>	<i>CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. Competencias clave: CAA- CMCT - CSC – CSIEE.</i>
<i>B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias dun uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.</i>	<i>CNB4.1.1 Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá. Competencias clave: CMCCT- CSC.</i>



## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>AVALIACIÓN</b>	<i>Procedementos de avaliación: A avaliación que se vai desenvolver é fundamentalmente a través da análise do seu traballo diario, esforzo e as tarefas realizadas no seu caderno de clase; xa que as tarefas da aula virtual están a facelas en ditos cadernos.</i>
	<i>Instrumentos de avaliación: Mediante a observación diaria do seu traballo e o caderno de tarefas realizadas, para valorar a actividade que desenvolva nas propostas de traballo que se fagan na aula virtual.</i>
<b>CUALIFICACIÓN FINAL:</b>	<i>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: O procedemento para obter a cualificación final do curso será mediante a realización da media aritmética da 1ª e 2ª avaliación. Ademais, terase en conta de forma positiva o traballo e esforzo do alumnado na 3ª avaliación á hora de poñer a nota final.</i>

## 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>ACTIVIDADES</b>	Realizaranse actividades de repaso e reforzo dos temas xa estudados. Ademais, avanzaremos e ampliaremos materia do 3º trimestre, abordando unicamente os contidos máis básicos e importantes de dito trimestre.
<b>METODOLOXÍA</b> ( <i>alumnado con conectividade e alumnado sen conectividade</i> )	A metodoloxía que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizado, e na medida das posibilidades de cada alumno/a. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais.
<b>MATERIAIS E RECURSOS</b>	Os materiais e recursos a utilizar: <ul style="list-style-type: none"><li>- Os libros de texto e os cadernos de cada materia.</li><li>- Video-tutoriais por parte do mestre coas correspondentes explicacións ou correccións.</li><li>- Fichas de repaso e reforzo entregadas aos nenos mediante fotocopias.</li><li>- Vídeos, arquivos, documentos adxuntos na aula virtual do centro.</li></ul>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n  
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

## 1. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO  
ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

*Á hora de informar ao alumnado e ás familias utilizarei como recursos o EspazoAbalar, o Chat da Aula Virtual do centro, o correo gmail do centro e o teléfono móbil.*

PUBLICIDADE

*Publicación obrigatoria na páxina web do centro.*

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/>